

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP DOUTOR SUÁREZ

CURSO: 6º

MATERIA: Matemáticas

DEPARTAMENTO: Matemáticas

DATA: 13 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.
B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
B3.2. Operar con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e

	volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.
B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	MTB4.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, proponendo outras formas de resolvelo

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: observación sistemática das tarefas, listas de control do traballo do alumnado.
	Instrumentos: valoración de cuestionarios e fichas interactivas, listas de control das tarefas escritas e pequenos proxectos.
<b>Cualificación final</b>	Mediante a media aritmética do 1º e 2º trimestre e se terá en conta positivamente o traballado durante o 3º trimestre.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Crterios de avaliación:</p> <p>B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).</p> <p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p> <p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.</p> <p>B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</p> <p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p> <p>B3.3 Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</p> <p>B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.</p> <p>B5.1. Realizar, ver e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.</p>
	<p>Crterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resolución de problemas relacionados coa vida cotiá.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Operacións e cálculo numérico.</li> <li>- Utilizar e interpretar diferentes instrumentos de medida e facer estimacións.</li> <li>- Aplicación de nocións xeométricas.</li> <li>- Interpretación e representación da información.</li> </ul>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación sistemática das tarefas e valoración de probas específicas de recuperación a través de listas de control.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Realizaremos actividades de reforzo e repaso nas que traballaremos contidos da primeira e segunda avaliación a través de fichas, cuestionarios, actividades interactivas, xogos on line e tarefas escritas.</p> <p>Ampliaremos os contidos xa adquiridos polo alumnado deseñando actividades que poidan ser desenvolvidas de forma autónoma a partir de vídeos explicativos, esquemas, fichas, actividades interactivas e pequenos proxectos.</p> <p>As actividades de recuperación serán específicas e persoais en forma de probas escritas mediante o correo electrónico.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Xa que todo o meu alumnado dispón de conectividade, uso un blogue como ferramenta principal para colgar as actividades diariamente e información relevante. Ademais usamos diariamente o correo electrónico como medio de comunicación coas familias e alumnado, envío de tarefas, seguimento e correccións persoais. Tamén uso o teléfono móbil en casos excepcionais.</p> <p>A metodoloxía ten un marcado carácter lúdico e interdisciplinar. A flexibilidade é clave nestas circunstancias, sendo o alumnado quen marca o ritmo de traballo.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Ordenador e/ou teléfono móbil para comunicarse, enviar fotos e vídeos das tarefas e consultar o blog, correo electrónico, vídeos, dicionarios, páxinas web, xogos interactivos, aínda que todas as actividades están deseñadas para poderse facer co caderno, lapis e material caseiro.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través do blog, o correo electrónico e, en casos excepcionais, o teléfono móbil.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.